

DISCURSO DO PRESIDENTE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA O DÍA 9 DE XULLO DE 2009

TOMADO DE *GALICIA HOXE* E ANOTADO POR ARTEMIO LÁNDOAS

TÍTULAR E ENTRADIÑA NO XORNAL *GALICIA HOXE* (18 DE XULLO DE 2009)

O presidente no CCG

O pasado nove de xullo, o titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, pronunciou no Consello da Cultura Galega un discurso que pretendía celebrar os 25 anos da institución e que, porén, acabou creando un gran malestar entre os asistentes. Nesta páxina reproducimos o polémico discurso.

REDISTRIBUCIÓN DO DISCURSO DO PRESIDENTE NÚÑEZ FEIJÓO EN 19 APARTADOS

INCORPORA MÍNIMA CORRECCIÓN DALGUNHAS GRALLAS, CLASIFICACIÓN E IDENTIFICACIÓN DAS PARTES RETÓRICAS DO DISCURSO (FIGURAN **ENTRE CORCHETES**), INDICACIÓN DOS ARGUMENTOS E IDEAS-FORZA (**EN VERMELLO**) E FONTES DE AUTORIDADE CITADAS COMO APOIO DA ARGUMENTACIÓN (**EN VERDE**).

1. [SALUTACIÓN] Boas tardes a todos, señor presidente do Consello da Cultura Galega, señores presidentes Fernández Albor e Pérez Touriño, señora presidenta do Parlamento, delegado do Goberno, conselleiro de Cultura e Turismo, membros do Consello de hoxe e de entón, autoridades presentes, amigas e amigos todos.
2. [EXORDIO: *CAPTATIO BENEVOLENTIAE*] Os últimos doce meses foron para o Consello da Cultura Galega un tempo de **conmemoración**. Unha época propicia para o relato dunha **voga rexia** [*rexa?*] e esforzada a prol da cultura galega que cumpre vinte e cinco anos. O ano foi un lapso para a lembranza e a reflexión sobre o significado e alcance dos **fitos acadados**,
3. [EXORDIO: *INSINUATIO*] **pero** sobre todo para proxectar e fixar novas metas, para matinar sobre a función da cultura e das institucións galegas e para **reconsiderar e actualizar a cerna desta institución** senlleira.
4. [ENLACE ENTRE A *HUMILITAS* INTELLECTUAL E SIMBÓLICA DO ORADOR —NECESITADO DE RAZÓNS DE REFORZO PARA O QUE VAI POSTULAR NESE LUGAR ESPECÍFICO E PERANTE ESE AUDITORIO CONCRETO— E O PRINCIPAL ARGUMENTO DE AUTORIDADE DO DISCURSO, CORRESPONDENTE A UNHA CITA DE ALGUÉN EN PRIMEIRA INSTANCIA NON IDENTIFICADO, PERO QUE RESULTARÁ SER NADA MENOS QUE O ANFITRIÓN DO ACTO, O PRESIDENTE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA, RAZÓN POLA QUE CABE VER ESTE ENGARCE COMO UNHA ESPECIE DE DERIVA RETÓRICA Á INVOCACIÓN. EN REALIDADE, SERÍA UNHA INVOCACIÓN VANTAXISTA, POIS PRESUPÓN USAR O ARGUMENTO DE AUTORIDADE XUSTO CONTRA A AUTORIDADE INVOCADA E CONTRA AS SÚAS OPCIÓNS EN POLÍTICA CULTURAL. O ORADOR SABE, ALÉN DISO, QUE POR RAZÓNS DE PROTOCOLO O ALUDIDO NON ESTARÁ EN DISPOSICIÓN DE CONTESTAR O USO NESGADO DUN TEXTO SEU SACADO DE CONTEXTO POLO ORADOR. O OBXECTIVO RETÓRICO ÚLTIMO DESTA OPERACIÓN RETÓRICA DO ORADOR CONSISTE EN ECUACIONAR PERANTE O PÚBLICO AS POSICIÓNS RESPECTIVAS DO CONSELLO DA CULTURA E A XUNTA (OU DE VILLARES E FEIJÓO) EN POLÍTICA CULTURAL, TRIVIALIZANDO ASÍ AS SÚAS IMPORTANTES DIFERENZAS] Como **os bos amigos** son para as grandes ocasións vou recorrer ás palabras que un deles pronunciou non hai moito tempo. Sintetizan unha visión do feito cultural galego. Unha **visión clara**,

DISCURSO DO PRESIDENTE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA O DÍA 9 DE XULLO DE 2009

TOMADO DE GALICIA HOXE E ANOTADO POR ARTEMIO LÁNDOAS

valente e atinada coa que eu, dende logo, me sinto plenamente identificado. Cito: “Paréceme necesario asentarse a idea de que a cultura galega do século XXI debe ser entendida como unha manifestación da riqueza e da **pluralidade da sociedade galega** como un modo de se **proxectar no mundo** e de se relacionar tanto interna como externamente e non como unha expresión dunha **resistencia histórica** a un proceso de aculturación de procedencia exterior”. Riqueza, pluralidade, proxección, relación. Velaí catro pinceladas que axudan a entender o que a nosa cultura significa e o que a nosa cultura precisa para seguir formando parte do tesouro común da humanidade.

5. [NARRACIÓN MEDIANTE A CAL SE PRESENTA A TESE PRINCIPAL DO DISCURSO, FORZANDO PARA ISO VARIAS SUPOSTAS PROBAS RETÓRICAS, ENTRE ELAS QUE O QUE AFIRMA MILAN KUNDERA EN *LE RIDEAU* TEÑA ALGO QUE VER COA SITUACIÓN CULTURAL QUE O ORADOR INTENTA ANALIZAR (A GALEGA) OU SEXA DE APLICACIÓN AO CASO] Velaí tamén reflectida esa **tentación resistente que a sitúa nun Medulio sitiado por inimigos que buscan o seu exterminio**. Unha tentación que non soamente intenta engaiolarnos a nós, senón que é común a outras culturas que viviron momentos difíciles ou conviven con culturas veciñas de gran poderío. **Milan Kundera** exprésao cunha mestría intelectual no seu libro *O telón* [Le Rideau, ou sexa “*O pano*”; El telón, na tradución castelá que publicou Tusquets]. Refírese ao que el chama **provincianismo**, definido como a **incapacidade de considerar a cultura propia no contexto das culturas do mundo**.
6. [NARRACIÓN MEDIANTE A CAL SE FAI EXALTACIÓN DOS ESCRITORES QUE NUN MOMENTO DADO DECIDIRON USAR UNHA LINGUA DIFERENTE DA PROPIA E PASAR ASÍ DO PROVINCIANISMO AO COSMOPOLITISMO. O CONTRAPUNTO IMPLÍCITO DISTO SEMELLARÍA SER UNHA EXECRACIÓN, OU POLO MENOS UNHA CRÍTICA MINORIZADORA, DOS QUE NON O FIXERON OU NON O FAN. TALVEZ, POR EXEMPLO, UNHA EXECRACIÓN DOS ESCRITORES GALEGOS QUE DECIDEN EMPREGAR SÓ O GALEGO E NON OUTRAS LINGUAS (FRANCÉS, RUSO, MANDARÍN...), AÍNDA QUE DEBE RECOÑECERSE QUE ISTO ACASO SEXA EXCESIVO COMO SUPOSICIÓN. EN TODO CASO HABERÁ QUE ATOPAR RESPONSA PARA A SEGUINTE PREGUNTA: CAL PODE SER A MOTIVACIÓN DE QUE O ORADOR DIGA ISTO NUN ACTO COMO ESTE, NESE LUGAR, NESA CONMEMORACIÓN E CON TANTA DEDICACIÓN RELATIVA SOBRE O TEMPO TOTAL DO DISCURSO? E UNHA CUESTIÓN MÁIS: É IMAXINÁBEL ALGO SIMILAR NOUTRAS COORDENADAS XEOCULTURALS E LINGÜÍSTICAS? ALGUÉN PODE IMAXINAR QUE O MÁXIMO MANDATARIO DUN PAÍS SUXIRA QUE O CONVENIENTE É PASAR A ESCRIBIR NOUTRA LINGUA DIFERENTE DA PROPIA? E AÍNDA: CAL É O MOTIVO DE FONDO PARA POSTULAR UNHA ESTRATEXIA QUE EQUIPARA CULTURA E LINGUA? ACASO A CULTURA E A PRODUCCIÓN DE BENS CULTURALS NON É ALGO MÁIS QUE NOVELAS, SAINETES, GUIÓNS E ÉGLOGAS?] Explica así os desacougos da elite cultural do seu país diante de figuras como **Kafka**, un checo que escribiu ou que escribía en alemán. Ou incluso el mesmo, **Kundera**, que adopta o francés despois do seu exilio. Ambos os dous únense a unha longa ringleira de **homes da cultura que se adiantaban á globalización** por propia vontade ou obrigados por circunstancias. É o caso de **James Joyce** ou **Beckett** que sofren... que nutren, perdón [por favor, que veña Freud e nos lea este lapsus], a cultura irlandesa con obras en inglés ou francés. Ou **Ionesco**, autor romanés que entra na academia francesa, ou o polaco **Conrad**, que non deixa de selo malia expresarse en inglés. Esa **tendencia a ensimesmarse** que **Kundera** percibe no microcosmos de Centro Europa, tan ben estudado, por certo, polo noso **Vicente Risco**,

DISCURSO DO PRESIDENTE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA O DÍA 9 DE XULLO DE 2009

TOMADO DE GALICIA HOXE E ANOTADO POR ARTEMIO LÁNDOAS

sempre tivo no noso país un gran **contrapeso cosmopolita**. Os nosos creadores teñen un irresistible anxeio de **viaxar, saír fóra**, e conectar coas correntes do pensamento europeo.

7. [ARGUMENTACIÓN POR DISOCIACIÓN: RESISTENCIA CULTURAL vs. COMUNICACIÓN INTERCULTURAL COMO CORRELATO ANALÓXICO DO PAR NOCIONAL *PECHARSE / ABRIRSE* E COMO CORRELATO DOS PARES SIMBÓLICOS *COVA / CAMIÑO* E *RECINTO AMURALLADO / PRAZA PÚBLICA OU LUGAR DE ENCONTRO*] Ningunha cultura de dimensións semellantes á nosa posúe esa capacidade de **entroncar co mundo circundante**. Ese *nós* que serve de divisa a unha xeración é un posesivo que se refire aos galegos insertos no marco da cultura occidental. Dificilmente atoparía o autor checo trazos de provincianismo no galeguismo histórico, que protagoniza o momento máis senlleiro da nosa andaina recente. Como explicar iso? Teño para min que no código xenético da nosa cultura latexa o que é **a maior contribución cultural da nosa terra ao resto do mundo**. Podémola contemplar viva diante de nós en forma de pedra e de xente. Nesta praza, que se ve dende estas fiestras, que foi e é e continuará sendo o *melting pot* (*sic*) máis auténtico, un apóstolo, procedente doutra fisterra trae consigo doutrinas que se mesturan coa cultura grecolatina. Chega a nós e inspira a **primeira idea de Europa**. A primeira idea de Europa feita por camiñantes. A Galicia que é berce de Europa non podía inspirar a nosa raigaña cultural na resistencia. E certamente non o fai. Porque **non foi resistindo senón abríndose ás influencias como se modela a nosa cultura**.
8. [ARGUMENTACIÓN AMPLIFICATORIA DO SEGUNDO ELEMENTO DA OPOSICIÓN PRESENTADA NO PUNTO ANTERIOR: A IDENTIDADE GALEGA COMO RESULTADO DA MESTIZAXE E DAS INVASIÓNS. COROLARIO 1: NÓS DEBEMOS ESTAR QUIETIÑOS ESPERANDO QUE ALGUÉN VEÑA PORQUE SOMOS O GRANDE-ÓVULO-PÉTREO. COROLARIO 2: HAI QUE DEIXARSE INVADIR E FECUNDAR POLOS QUE VEÑEN DE FÓRA] Que sería do Camiño de Santiago se unha visión cativa tivese visto nel unha **ameaza de aculturización**, unha mestizaxe perigosa, unha invasión allea? **Todos estamos de acordo en que tal invasión foi o que forxou a nosa identidade**.
9. [ARGUMENTACIÓN AMPLIFICATORIA DO SEGUNDO ELEMENTO DA OPOSICIÓN PRESENTADA NO PUNTO 7: GALIZA E EUROPA LIDAS POR INVERSIÓN SIMBÓLICA DO PAR CONCEPTUAL PRINCIPIO / FIN, NO QUE, EN TODO CASO, O PROTAGONISMO É SEMPRE DOS OUTROS, NESTE CASO DOS PEREGRINOS: OS VISITANTES SON OS QUE NOS FIXERON OU FAN A NÓS, E OS VISITANTES, CANDO REGRESAN AOS SEUS PUNTOS DE ORIXE, NUTREN E ENRIQUECEN A IDEA DE EUROPA] Así como Galicia faise co que chega polos roteiros xacobeos, Europa nútrese coa seiva galega levada de volta polos peregrinos. Grazas a iso este país, este país noso, **deixa de ser a fin do mundo para converterse nun dos seus principios**.
10. [ARGUMENTACIÓN AMPLIFICATORIA DO PRIMEIRO ELEMENTO DA OPOSICIÓN PRESENTADA NO PUNTO 7: O CONSELLO DA CULTURA COMO GARANTE DUNHA SOLUCIÓN DE COMPROMISO ENTRE *PECHARSE* E *ABRIRSE*] O Consello leva vinte e cinco anos asumindo o compromiso. O compromiso firme de situar a identidade galega: o idioma galego, a súa cultura, os seus proxectos, as súas palabras, as súas imaxes ou símbolos nun **espazo de comunicación cada vez máis amplo e inclusivo, internacionalizando a nosa cultura e identidade local**.

DISCURSO DO PRESIDENTE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA O DÍA 9 DE XULLO DE 2009

TOMADO DE GALICIA HOXE E ANOTADO POR ARTEMIO LÁNDOAS

Congregáronse nesta misión institucional varias xeracións, varias xeracións de intelectuais galegos de distinta ideoloxía, con concepcións diferentes e complementarias do noso país. Mulleres e homes que xeraron pensamento e acción transcendente. Para a nosa cultura un refacho común, o compromiso con Galicia e a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

11. [ARGUMENTACIÓN AMPLIFICATORIA DO PRIMEIRO ELEMENTO DA OPOSICIÓN PRESENTADA NO PUNTO 7: O CONSELLO DA CULTURA COMO AXENTE DAS DÚAS GRANDES TRANSICIÓNS DA CULTURA GALEGA EN TEMPOS RECENTES: A INSTALACIÓN URBANA E A INSTALACIÓN GLOBAL] Como galego, como presidente da Xunta e presidente de honra do Consello da Cultura Galega creo que esta institución estatutaria ten cumprido nos seus vinte e cinco anos de existencia un labor inestimable na **segunda transición da nosa personalidade cultural**. A primeira consistiu no paso dunha cultura asociada co mundo campesiño a outra presente nunha sociedade urbana que se vía con precaución. Ese neno labrego de **Neira Vilas** medra e convértese no rapaz que retrata **Ramiro Fonte** en *Os meus ollos*. Igual que o noso inesquecible escritor de Pontedeume varias xeracións de galegos — tamén, dende logo, a miña— entran de súpeto na Galicia urbana e **fan que naza unha cultura que deixa de ser só labrega sen deixar de ser galega**. Ese cambio que non todas as culturas foron quen de culminar con éxito aquí resultou enriquecedor. Hoxe estamos aínda noutro proceso, noutro proceso que se resume na presenza da cultura galega nesa **globalización** que xa anticipou o Camiño de Santiago.
12. [SEGUNDA LIÑA DE ARGUMENTACIÓN, FUNCIONALMENTE DIGRESIVA. PUNTO 1: OS GALEGOS NON PRECISAN DUNHA TUTELA IDENTITARIA EXERCIDA POLAS SÚAS ELITES INTELLECTUAIS] Confío plenamente nas nosas forzas para superar as mil primaveras de **Álvaro Cunqueiro**, e fágoo porque o noso país conta cunha ferramenta que a outros pobos diferenciados lles faltou, a liberdade. Galicia é libre, forma parte dunha España democrática e respectuosa coa súa diversidade e a súa voz está presente na gran sinfonía europea. **Os galegos son como queren ser. Son gobernados de acordo coa súa vontade e sen necesidade de que ninguén mistifique os seus desexos.**
13. [SEGUNDA LIÑA DE ARGUMENTACIÓN, FUNCIONALMENTE DIGRESIVA. PUNTO 2: O PATHOS DA RESISTENCIA CÍVICO-CULTURAL COMO PREXUÍZO SOCIAL E POLÍTICO PARA O MOMENTO PRESENTE E PARA O DESENVOLVEMENTO FUTURO] Así como houbo un tempo no que a cultura galega tiña que suplir a carencia de liberdade facendo misións de resistencia cívica, hoxe tal cousa resulta mesmo **prexudicial** se queremos evitar que se rompan os vencellos entre unha cidadanía libre e a súa expresión cultural.
14. [SEGUNDA LIÑA DE ARGUMENTACIÓN, AQUÍ SÓ APARENTEMENTE DIGRESIVA: A PROL DUNHA NORMALIZACIÓN CORDIAL E EN LIBERDADE. LINGUA E CULTURA EN PLURALIDADE. APERTURA CONSECUENTE DO CANON CULTURAL E LITERARIO GALEGO (EN QUE DIRECCIÓN? NESAL!)] Liberdade significa pluralidade e a pluralidade require **respecto cordial** polas diferentes maneiras de entender o feito cultural sen recorrer a un canon que nos limite. A **normalización en liberdade da**

DISCURSO DO PRESIDENTE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA O DÍA 9 DE XULLO DE 2009

TOMADO DE GALICIA HOXE E ANOTADO POR ARTEMIO LÁNDOAS

lingua galega é unha arela colectiva que compartimos a Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega.

15. [MOVEMENTO CARA Á PERORACIÓN OU CONCLUSIÓN: PARTE AFECTIVA SOBRE A CONVERXENCIA DE TAREFAS E O REPARTO DE FUNCIÓNS ENTRE CCG E XUNTA DE GALICIA] Por iso a Xunta de Galicia conta para a promoción do **máximo expoñente da nosa cultura, o galego**, coas propostas da máxima institución estatutaria en **defensa** da nosa cultura, o Consello, dotado dunhas características e cunhas competencias que fan dela un exemplo único en España. O Consello **estuda** o futuro da cultura galega, a súa mirada amósase prospectiva e sagaz e así non só resposta con solvencia ás dificultades que chegan ata o presente, senón que trata de anticiparse ás necesidades e ofrecer **opcións para o porvir**.
16. [PERORACIÓN EN FALSO, PORQUE EN REALIDADE É ARGUMENTACIÓN: LIMITACIÓN FUNCIONAL DO CCG ÁS DIMENSIÓNS ESPECTACULARES E FESTIVAS DA CULTURA. RECONVERSIÓN ORNAMENTAL DA INSTITUCIÓN. SÓ SE MENCIONA O QUE SE MENCIONA. SÓ SE SILENCIA O QUE SE SILENCIA. AQUÍ SILÉNCIASE OU ÓBVIASE TODO O QUE NON SEXA XACOBEO E CIDADE DA CULTURA] Ante todos ábrese **retos nun futuro moi próximo** que deben servir para abrir a nosa cultura ao mundo. No vindeiro ano, **Ano Santo Xacobeo 2010**, unha oportunidade única na próxima década para proxectarnos exteriormente. A medio prazo a **Cidade da Cultura**, un proxecto que precisa das ideas de todos —empezando polo Consello da Cultura Galega— para rematar de ser un éxito colectivo no que os acertos decanten a balanza sobre os desacertos. Para abarcar ambos os retos culturais a Xunta de Galicia conta coa implicación do Consello, institución determinante e central para a cultura do país.
17. [PERORACIÓN SEMIFALSA, POIS COMEZA ARGUMENTANDO ALGO NOVO (QUE ABONDA DE DEBATES, EN ESPECIAL DOS IDENTITARIOS, QUE A CULTURA É COMUNICACIÓN E INTERCAMBIO), LOGO INTEGRA NESE MESMO MARCO APROBLEMATIZADOR UNHA NOVA CITA DA AUTORIDADE MENCIONADA (OUTRAVOLTA PARA UN USO NESGADO E SACADO DO CONTEXTO TEÓRICO E EPISTÉMICO DO DEBATE DE ORIXE), E DERIVA A UN RECOÑECEMENTO DO LABOR DOS CATRO PRESIDENTES ANTERIORES DO CCG] **O debate sobre o que é e non é a cultura galega está abondo superado** polo país e tamén ten reflexo nas consideracións dese amigo ao que recorrín no comezo da miña intervención e por iso para rematar cédolle de novo a palabra. Di o autor citado: “Todo isto obriga a pensar a cultura considerada propia como un **conxunto de crenzas, prácticas e saberes** que máis que definir un grupo cultural contribúe a poñer en relación este grupo ou comunidade **con outros grupos**”. En definitiva, dicimos nós, **a cultura é comunicación** ou, por aproveitar o lugar onde estamos, un camiño que desemboca nunha praza cosmopolita como o Obradoiro. Neste camiño longo o Consello da Cultura ten desempeñado un papel fundamental que eu quero **louvar e agradecer** na persoa dos seus cinco presidentes: Ramón Piñeiro, Filgueira Valverde, Carlos Casares, Alfonso Zulueta. Representan o mellor desta cultura aberta que nos permite ser un pobo con pegada propia na historia. Todos eles traballaron por impulsar a cultura galega e o fomento do uso do galego. Por iso hoxe e sempre terán o noso recoñecemento.

**DISCURSO DO PRESIDENTE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO
NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA O DÍA 9 DE XULLO DE 2009**

TOMADO DE *GALICIA HOXE* E ANOTADO POR ARTEMIO LÁNDOAS

18. [APELACIÓN E ACLARACIÓN DA FONTE DE AUTORIDADE UTILIZADA. PROCÚRASE SORPRESA E EFECTISMO, COMO NUN CLÍMAX ESCÉNICO, E POTÉNCIASE DE NOVO A OBSERVACIÓN SOBRE A AMIZADE QUE UNE AOS DOUS PRESIDENTES] Ao presidente actual **Ramón Villares** resérvolle un agradecemento especial pola súa traxectoria e tamén **por esas reflexións súas na comisión de reforma do estatuto**, que eu me permitín utilizar na miña intervención nas dúas citas que a este texto trouxen. A ocasión, presidente **Villares**, permitía recorrer ás amizades.
19. [EPIFONEMA] Aínda que non fora galego, **Goethe** dixo sobre os valores culturais algo que, na miña opinión, ten valor universal: *o que herdaches dos teus pais sé digno de posuílo*. **Herdamos unha cultura e saberemos ser dignos de posuíla**.

.....
Transcrición realizada a partir da gravación do CCG, xa que Presidencia non ten o texto.